

**ADAPTACIÓN DA  
PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CPI FONTE DÍAZ  
CURSO: SEXTO PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....</b>	<b>Páx. 3-14</b>
<b>2. Obxectivos no terceiro trimestre na área de Lingua Castelá.....</b>	<b>Páx. 15-17</b>
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).....</b>	<b>Páx. 18-21</b>
<b>3. Avaliación e cualificación.....</b>	<b>Páx. 22</b>
<b>4. Información e publicidade.....</b>	<b>Páx. 23</b>

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

**BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR**

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e das demais.	LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sociais e cívicas.
	LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
B1.5. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso	LCB1.5.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.	Comunicación Lingüística.
	LCB1.5.3. Diferenza polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas (palabras homófonas, homónimas, parónimas, polisémicas).	Comunicación Lingüística.
B1.6. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.	LCB1.6.1. Identifica o tema do texto.	Comunicación Lingüística.
	LCB1.6.2. Identifica as ideas principais dun texto.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.

B1.11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas.	LCB1.11.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet.	Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender. Sociais e cívicas.
	LCB1.11.2. Transforma en noticias feitos cotiáns próximos á súa realidade, axustándose á estrutura e linguaxe propios do xénero e imitando modelos.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas.
	LCB1.11.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas do seu interese, seguindo modelos.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
	LCB1.11.4. Prepara, seguindo modelos, reportaxes sobre temas de seu interese.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</b>		
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta	LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto <del>en voz alta</del> .	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.

	(descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	
B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	LCB2.4.1. Capta o propósito de diferentes tipoloxía textuais. Identifica as partes da súa estrutura organizativa, analiza a súa progresión temática.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB2.4.2. Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB2.4.3. Recoñece algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto.	Comunicación Lingüística.
	LCB2.4.4. Elabora esquemas a partir de textos expositivos.	Comunicación Lingüística.
B2.5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.	LCB2.5.1. Interpreta o valor do título e as ilustracións.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB2.5.2. Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB2.5.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB2.5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.

	LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.	Comunicación Lingüística. Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
	LCB2.5.6. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sinxelos.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
B2.6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
	LCB2.6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
B2.7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.	LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais <del>ou en</del> <del>grupo</del> .	Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender.
B2.8. Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.	LCB2.8.1. Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB2.8.2. Comprende textos xornalísticos e publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferenza entre información, opinión e publicidade.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sociais e cívicas.

	LCB2.8.3. Infere, interpreta e formula hipótese sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos diferentes tipos de textos.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sociais e cívicas.
	LCB2.8.4. Establece relación entre as ilustracións e os contidos do texto, presenta hipóteses, realiza predicións, e identifica na lectura o tipo de texto e a intención.	Comunicación Lingüística. Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	LCB2.9.1. Utiliza os medios informáticos para obter información.	Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender.
	LCB2.9.2. Interpreta a información e fai un resumo da mesma.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
B2.10. Desenvolver o Plan lector que dea resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia lectora e fomente o gusto pola lectura.	LCB2.10.2. Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora, editorial, xénero ou ilustracións.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender Conciencia e expresións culturais.
	LCB2.10.3. Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de lecer manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais.
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>		

<p>B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.</p>	<p>LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, ....</p>	<p>Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender.</p>
	<p>LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p>	<p>Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.</p>
	<p>LCB3.1.3. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.</p>	<p>Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando,</p>	<p>LCB3.2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.</p>	<p>Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Conciencia e expresións culturais.</p>
	<p>LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.</p>	<p>Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.</p>



coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	LCB3.2.4. Emprega estratexias de procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais.	Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
B3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.	LCB3.3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.	LCB3.4.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais e revistas).	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB3.4.2. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.	Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
	LCB3.4.3. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.	Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais.
B3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que	LCB3.5.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.	Comunicación Lingüística.

desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.		Aprender a aprender.
B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	LCB3.6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
B3.7. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.	LCB3.7.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
	LCB3.7.2. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas.
B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.	Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender.
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA		

B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.1.2. Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.	Comunicación Lingüística.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.2.4. Recoñece e usa os conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade...	Comunicación Lingüística.

	LCB4.2.5. Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferenza suxeito e predicado.	Comunicación Lingüística.
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.1. Recoñece a estrutura do dicionario e tipos de dicionario, en diferentes soportes e úsaos para buscar o significado de calquera palabra (derivadas e sinónimas).	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LCB4.3.3. Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.	Comunicación Lingüística.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.4.3. Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.	Comunicación Lingüística.

	LCB4.4.4. Usa con corrección os signos de puntuación.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til.	Comunicación Lingüística.
	LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias.	Comunicación Lingüística.
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.	Comunicación Lingüística. Dixital. Aprender a aprender.
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>		
B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.	LCB5.1.1. Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.	Comunicación Lingüística. Conciencia e expresións culturais.
B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.	LCB5.2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	Comunicación Lingüística. Conciencia e expresións culturais
	LCB5.2.2. Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos literarios.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con	LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.

sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais.
B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LCB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.

## 2. Obxectivos no terceiro trimestre na área de Lingua Castelá

A causa da situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir, e segundo o disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, destacaremos os seguintes obxectivos de reforzo e recuperación dos contidos xa traballados durante o primeiro e segundo trimestre, así como os contidos que ampliamos de forma telemática neste terceiro trimestre.

- Reforzar a lectura comprensiva e a realización de actividades de comprensión lectora con diversos textos de diferentes tipoloxías xa traballadas neste curso e nos anteriores.
- Diferenciar e recoñecer as características de cada texto segundo a súa tipoloxía.
- Fomentar a redacción de textos de creación propia de diversa índole e temática, na maioría relacionados coa situación que estamos atravesando nestes momentos.
- Reforzar o recoñecemento das categorías gramaticais estudadas nos trimestres e cursos anteriores así como mellorar a ortografía e repasar as normas de puntuación e ortográficas.

A modo de ampliación veremos os temas deste terceiro trimestre, eliminando as actividades referidas a dinámicas na aula. Cabe destacar que o alumnado de sexto curso realiza actividades grupais nas videoconferencias que se realizan de forma diaria coa titora e na que participan a totalidade dos alumnos.

### Tema 11

- Ler un cómic e resolver un cuestionario sobre a súa estrutura e contido.
- Recordar a linguaxe e o formato distintivo dos cómics.
- Intervir en debates respectando as quendas de intervención (a través dos encontros virtuais)
- Recoñecer a oración como un composto de suxeito e predicado.
- Identificar as oracións impersoais.
- Identificar o suxeito e o predicado de diferentes oracións.
- Escribir e empregar correctamente os números cardinais.
- Potenciar recursos para elaborar cómics atendendo á súa linguaxe e estrutura.
- Analizar a estrutura dunha obra literaria.
- Exercitar a atención visual, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

## Tema 12

- Ler unha narración e completar actividades de comprensión lectora.
- Desenvolver a capacidade de realizar inferencias lóxicas.
- Interpretar textos orais relacionados coa publicidade.
- Familiarizarse con aspectos da linguaxe publicitaria e elaborar breves eslogans.
- Identificar o predicado nominal e o predicado verbal nunha oración.
- Escribir correctamente expresións numéricas.
- Recoñecer estranxeirismos.
- Analizar a información que conteñen os carteis publicitarios.
- Elaborar carteis publicitarios combinando textos e imaxes.
- Comprende en que consiste o tema, o contido e o argumento dunha obra.
- Exercitar a atención visual, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

## Tema 13

- Ler comprensivamente un relato fantástico.
- Relatar anécdotas de forma expresiva e cunha dicción adecuada.
- Interpretar textos orais breves a partir dun cuestionario.
- Recoñecer e analizar oracións copulativas e predicativas.
- Completar oracións co predicado nominal ou verbal adecuado.
- Familiarizarse co uso de abreviaturas e símbolos.
- Identificar diálogos e descrições en textos literarios.
- Redactar de forma pautada textos nos que se combinen diálogos e descrições.
- Comprender a función do narrador e identificar os diferentes tipos de narrador.
- Exercitar a atención visual, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

## Tema 14

- Realizar inferencias a partir da observación de imaxes e títulos.
- Ler comprensivamente un texto narrativo.



- Identificar a introdución, o desenvolvemento e o desenlace dun relato.
- Realizar unha presentación narrada de PowerPoint.
- Identificar os complementos do predicado verbal.
- Substituír complementos do predicado verbal por un pronome.
- Coñecer e aplicar normas básicas de uso dos prefixos.
- Interpretar correctamente o contido dun folleto turístico.
- Redactar de forma pautada un folleto turístico.
- Exercitar a atención, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

### Tema 15

- Ler comprensivamente un texto narrativo.
- Identificar a introdución, o desenvolvemento e o desenlace dun relato.
- Recoñecer o xénero literario co que se corresponde unha lectura.
- Comentar e expresar opinións sobre relatos ou outro tipo de lectura literaria que realizáramos.
- Recomendar de forma argumentada a lectura dun libro.
- Analizar morfoloxicamente os elementos dunha oración.
- Practicar a análise sintáctica de oracións.
- Coñecer as normas ortográficas de uso das grafías x e cc.
- Realizar unha ficha de lectura expondo os datos bibliográficos, o argumento da obra e unha valoración persoal sobre a lectura.
- Exercitar a atención, a eficacia lectora e a escritura ao ditado.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>Tema 11</p> <p>Neste tema trabállase a capacidade de formular inferencias observando viñetas. Neste sentido, lese comprensivamente un cómic de tipo humorístico e analízase a linguaxe do cómic.</p> <p>Na sección de expresión oral aprenderemos e aplicaremos pautas para expresarnos e participar adecuadamente nun debate <b>(a través das videoconferencias realizadas regularmente de forma diaria)</b></p> <p>O apartado de gramática céntrase na identificación do suxeito e o predicado da oración. Igualmente tamén aprenderemos a recoñecer as oracións impersoais. Logo aprenderemos a escribir correctamente con letras e con cifras os números cardinais.</p> <p>Proseguiremos coa elaboración pautada de cómic, ensinándolle ao noso alumnado a interrelacionar códigos verbais e non verbais na realización de cómics. Finalmente, describiremos brevemente a estrutura dunha obra literaria, diferenciando a súa estrutura externa da interna.</p> <p>Tema 12</p> <p>O tema comeza cunha narración que se lerá e se analizará a partir de varias actividades de comprensión lectora. Tamén lle proporemos ao alumnado a realización dun resumo dunha parte do relato. Igualmente, realizaremos unha análise pautada dun gráfico.</p> <p>Proseguiremos cunha conversación sobre a publicidade e a análise dos recursos expresivos que utiliza a partir da observación e comentario oral dalgúns anuncios.</p> <p>En relación á gramática, centraremos o noso traballo na identificación e análise do predicado nominal e o predicado verbal.</p> <p>O tema continúa co uso e escritura dos números ordinais.</p> <p>Proseguirase coa elaboración de carteis publicitarios, combinando os elementos textuais e visuais propios desta forma de expresión. Finalmente, aprenderemos a identificar o tema, o contido e o argumento dunha obra.</p>
---------------------------	---

	<p>Tema 13</p> <p>Para comezar, podemos facer inferencias sobre a lectura a partir do título. Despois, leremos comprensivamente un texto narrativo e contestaremos preguntas sobre os seus personaxes e sobre o tema da lectura. Tamén interpretaremos o contido dunha carta de restaurante.</p> <p>Proseguiremos co relato oral e expresivo de anécdotas. En relación á gramática traballarase o recoñecemento e análise das oracións copulativas e predicativas.</p> <p>Polo que respecta á ortografía, familiarizarémonos co emprego de distintos símbolos e abreviaturas de uso habitual.</p> <p>A continuación, aprenderemos a redactar textos narrativos nos que se combinan descrições e diálogos. Para isto partiremos dun texto modelo e dunha serie de pautas ou consellos.</p> <p>Seguidamente, describirase brevemente a función do narrador nun relato e os diferentes tipos de narrador.</p> <p>Tema 14</p> <p>Para iniciar o tema, hai que facer inferencias sobre a lectura por medio das súas imaxes e título. Logo analizarase en profundidade o relato proposto por medio de cuestionarios e actividades de comprensión lectora. Seguidamente analizarase de forma pautada un mapa de estradas.</p> <p>No apartado de expresión oral traballaremos a realización de presentacións <b>narradas</b> empregando un PowerPoint.</p> <p>O apartado de gramática céntrase no coñecemento, identificación e análise dos complementos do predicado verbal. Logo aprenderemos a escribir correctamente unha serie de palabras con prefixo.</p> <p>Despois aprenderemos a interpretar correctamente o contido dun folleto turístico e a redactar o noso propio folleto turístico axudándonos de pautas e dun texto modelo.</p> <p>Tema 15</p> <p>Este tema iníciase coa lectura dun relato. Trala formulación de hipóteses a partir da observación do título e das ilustracións, lerase o texto e analizarase a partir das actividades de comprensión lectora. Seguidamente analizarase de forma pautada un cartel.</p> <p>Proseguiremos cunha serie de actividades de expresión oral</p>
--	--

	<p>que se centran no comentario de diferentes lecturas ou obras literarias expresando opinións e valoracións persoais sobre as obras comentadas. <b>(A través de gravacións e das videoconferencias)</b></p> <p>Desde o punto de vista gramatical, o alumnado aprenderá a realizar unha análise sintáctica e morfolóxica dunha oración. Tamén aprenderemos algunhas das palabras admitidas recentemente no Dicionario da Real Academia e o seu significado.</p> <p>Seguidamente, na sección de expresión escrita, traballarase a elaboración dunha ficha de lectura dunha obra narrativa. Para concluír, familiarizarémonos co uso do tempo e do espazo nas obras literarias.</p> <p>Así mesmo, realizaranse actividades de reforzo e repaso dos temas vistos nas avaliación anteriores a través de lecturas e fichas de reforzo dos contidos xa traballados, sobre todo a aqueles aspectos referidos nos obxectivos citados con anterioridade (reforzo do recoñecemento das categorías gramaticais, das normas de ortografía e de puntuación xa vistas e na lectura comprensiva e a redacción de textos propios)</p>
<p><b>Metodoloxía</b></p>	<p>A totalidade do alumnado dispón de conectividade e traballan de forma interrelacionada todas as materia desde a plataforma Google Class. Aínda que o traballo se realiza de forma telemática, mantemos a distribución horaria do colexio, desenvolvendo catro sesións semanais, e aproveitamos as sesións de videoconferencia para a resolución das actividades, de dúbidas e as explicacións pertinentes.</p> <p>Todo o alumnado, na medida do posible, segue un ritmo de traballo diario, non equiparable ao realizado na aula, pero sí para favorecer a inclusión dunha rutina que lles permita evolucionar e acadar os obxectivos propostos.</p> <p>A comunicación diaria co alumnado e familias permite adaptar individualmente as tarefas e a temporalización no caso de que xurdan problemas de conectividade (que polo momento non xurdiron).</p> <p>Nesta terceira avaliación, repasaremos e reforzaremos os contidos máis relevantes xa dados nas avaliacións anteriores así como ampliar o temario, da forma máis sinxela e sen carácter avaliable, dado o curso académico no que nos</p>

	<p>atopamos e para facilitar o cambio de etapa educativa á que se van a enfrontar o próximo curso. Todas as actividades van acompañadas dunha explicación en forma de presentación narrada ou audiovisual, que será apoiada nas videoconferencias realizadas diariamente entre docente e alumnos e alumnas, na que o alumnado participa de forma activa.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libro empregado na aula, tanto en formato papel ou dixital.</li> <li>- Aula virtual na plataforma Google Class, na que se atopa a totalidade do alumnado así como todo o profesorado que imparte materias neste curso. Isto supón a interacción de docentes e discentes, de forma grupal e individual (presentación das tarefas, mensaxería grupal ou privada para a comunicación de novas ou resolución de dúbidas).</li> <li>- Actividades interactivas realizadas a través de diferentes plataformas (Liveworksheets, Educaplay...) que son enviadas ao docente automaticamente.</li> <li>- Videoconferencias diarias a través de Cisco Webex, que se empregan para a realización de actividades e resolución de dúbidas.</li> <li>- Os alumnos do plan Reforza-T contan co apoio da profesora que xa o impartía no segundo trimestre.</li> <li>- Os alumnos con apoio educativo seguen sendo reforzados polas especialistas de AL e PT, traballando a través da propia Google Class e tamén a través de Snappet.</li> </ul>

<b>4. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Durante a primeira e a segunda avaliación a nota media obtíñase da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 70% da nota virá dada pola media aritmética das probas escritas realizadas</li> <li>- 10% da nota virá dada polo traballo referido ao proxecto</li> <li>- 10% da nota virá dada polo traballo diario, intervencións na clase e outras tarefas habituais.</li> <li>- 10% pola presentación do caderno: claridade, corrección ortográfica e caligrafía.</li> </ul>
	<p>Instrumentos: Como instrumentos de avaliación empregaremos as probas realizadas no primeiro e segundo trimestre, así como o traballo e actitude na aula e o caderno de tarefas e as tarefas referidas ao proxecto escolar.</p> <p>Así mesmo, realizarase un seguimento das tarefas propostas durante esta terceira avaliación, que si ben non ten carácter avaliable, serán tidas en conta para mellorar a nota en caso de que o traballo do alumnado supere o 50% do total de tarefas propostas. Nunca servirán para baixar a nota media acadada nas anteriores avaliación</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Tendo en conta disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, <i>"A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado"</i>, a nota final obterase facendo a media aritmética da primeira e segunda avaliación e valorando positivamente as actividades realizadas no terceiro trimestre a través do seguimento individualizado de cada alumno e alumna.</p>
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	<p>A fin de progresar na avaliación positiva daqueles alumnos que teñen que superar obxectivos e competencias non acadados en cursos precedentes deseñamos un traballo individualizado. Neste curso temos unha alumna coa materia de Lingua Castelá suspensa de quinto curso. No primeiro e segundo trimestre fíxose un reforzo individualizado e un seguimento do mesmo, polo que actualmente a valoración é positiva, tendo a materia de Lingua Castelá de quinto superada.</p>

<b>5. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As vías de contacto son a propia plataforma Google Class (de forma bidireccional entre alumnado e profesorado), a través de Abalarmobil para informar ás familias, e tamén por email, teléfono e nas propias videoconferencias. Ademais tamén dispoñen de toda a información na páxina Web no centro.
<b>Publicidade</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/node/1430">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/node/1430</a>

**ADAPTACIÓN DA  
PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CPI FONTE DÍAZ  
CURSO: SEXTO PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## ÍNDICE

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....</b>	<b>Páx. 3-11</b>
<b>2. Obxectivos no terceiro trimestre na área de Lingua Galega.....</b>	<b>Páx. 12-14</b>
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).....</b>	<b>Páx. 15-18</b>
<b>3. Avaliación e cualificación.....</b>	<b>Páx. 19</b>
<b>4. Información e publicidade.....</b>	<b>Páx. 20</b>

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas.
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	Comunicación Lingüística. Competencia dixital Aprender a aprender Sociais e cívicas
	LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.	Comunicación Lingüística. Competencia dixital. Aprender a aprender Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER		
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dúbidas.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	Comunicación Lingüística. Competencia Dixital Sociais e cívicas.
	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).	Comunicación Lingüística.
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
	LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión.	Comunicación Lingüística.

B2.2. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	Comunicación Lingüística Aprender a aprender Sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.	Comunicación Lingüística. Dixital Aprender a aprender.
	LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto. Comunicación Lingüística.	Dixital.
	LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	Comunicación Lingüística. Dixital Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito

		emprendedor.
B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.	Comunicación Lingüística. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
B2.12. Analizar textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.	LGB2.12.1. Percibe as diferenzas lingüísticas presentes nas variedades da lingua galega.	Comunicación Lingüística. Conciencia e expresións culturais.
	LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>		
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
	LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto.	Comunicación Lingüística.

	LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Dixital
	LGB3.2.2. Escribe, en diferentes soportes, textos propios dos medios de comunicación, imitando modelos.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender.
	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. Comunicación Lingüística.	Aprender a aprender.
	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
	LGB3.2.5. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas. Aprender a aprender

B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.	LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
	LGB3.4.3. Aprecia os usos creativos da linguaxe.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.	Comunicación Lingüística. Dixital Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.	LGB3.6.1. Utiliza recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.	Comunicación Lingüística. Dixital. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA		
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender
	LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender
	LGB4.1.5. Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas Conciencia e expresións culturais.



B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.	Comunicación Lingüística
	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.	Comunicación Lingüística.
B4.4. Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.	LGB4.4.1. Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender
B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.	LGB4.5.1. Identifica, en oracións, o papel semántico do suxeito..	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender. Dixital
	LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
	LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.	Comunicación Lingüística. Aprender a aprender.
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>		

B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Comunicación Lingüística. Conciencia e expresións culturais. Dixital
B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.	LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.	Comunicación Lingüística. Conciencia e expresións culturais
	LGB5.3.4. Identifica temas e tópicos recorrentes na literatura.	Comunicación Lingüística. Conciencia e expresións culturais
B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	Comunicación Lingüística. Sociais e cívicas Conciencia e expresións culturais.
B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.	Comunicación Lingüística. Conciencia e expresións culturais.

## 2. Obxectivos no terceiro trimestre na área de Lingua Galega

A causa da situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir, e segundo o disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, destacaremos os seguintes obxectivos de reforzo e recuperación dos contidos xa traballados durante o primeiro e segundo trimestre, así como os contidos que ampliamos de forma telemática neste terceiro trimestre.

- Reforzar a lectura comprensiva e a realización de actividades de comprensión lectora con diversos textos de diferentes tipoloxías xa traballadas neste curso e nos anteriores.
- Diferenciar e recoñecer as características de cada texto segundo a súa tipoloxía.
- Fomentar a redacción de textos de creación propia de diversa índole e temática, na maioría relacionados coa situación que estamos atravesando nestes momentos.
- Reforzar o recoñecemento das categorías gramaticais estudadas nos trimestres e cursos anteriores así como mellorar a ortografía e repasar as normas de puntuación e ortográficas.

A modo de ampliación veremos os temas deste terceiro trimestre, eliminando as actividades referidas a dinámicas na aula. Cabe destacar que o alumnado de sexto curso realiza actividades grupais nas videoconferencias que se realizan de forma diaria coa titora e na que participan a totalidade dos alumnos.

### Unidade 11. Cómic

- Realizar a lectura dun cómic.
- Responder preguntas de comprensión lectora.
- Aprender a facer un debate.
- Aprender a estrutura da oración.
- Aprender as características do grupo nominal.
- Aprender que palabras levan b.
- Escribir bandas deseñadas.
- Valorar a literatura como recurso de gozo persoal e medio de aprendizaxe.
- Reflexionar sobre o civismo e o coidado do mobiliario público.

### Unidade 12. Agricultura e natureza

- Realizar a lectura dun texto narrativo e dunhas instrucións.
- Responder preguntas de comprensión lectora.
- Aprender a facer comentarios.
- Aprender o predicado e o grupo verbal.
- Aprender a acentuación de verbos con pronomes.
- Escribir anuncios publicitarios.
- Coñecer o xénero lírico.
- Coñecer o autor galego Manuel Curros Enríquez.
- Valorar a literatura como recurso de gozo persoal e medio de aprendizaxe.

#### Unidade 13. Rebumbio na aldea

- Realizar a lectura dun texto narrativo.
- Responder preguntas de comprensión lectora.
- Aprender as oracións copulativas.
- Aprender a usar os grupos consonánticos bl, br, cl cr, fl, fr, gl,gr, pl e pr.
- Escribir textos narrativos con descrición e diálogo.
- Valorar a literatura como recurso de gozo persoal e medio de aprendizaxe.
- Expor a preferencia de vivir nunha cidade ou nunha vila.

#### Unidade 14. O Camiño de Santiago

- Realizar a lectura dun texto narrativo.
- Responder preguntas de comprensión lectora.
- Aprender os complementos do predicado verbal.
- Aprender as palabras que levan ct e cc.
- Reforzar o concepto de familia léxica.
- Coñecer o xénero dramático.
- Coñecer o escritor galego Eduardo Pondal.
- Valorar a literatura como recurso de gozo persoal e medio de aprendizaxe.

## Unidade 15. Unha chuvia de pombas

- Realizar a lectura dun texto narrativo.
- Responder preguntas de comprensión lectora.
- Aprender a resumir películas e libros.
- Aprender a analizar morfoloxicamente.
- Aprender que palabras levan v.
- Aplicar o concepto de campo semántico.
- Valorar a literatura como recurso de gozo persoal e medio de aprendizaxe.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Unidade 11.</p> <p>Traballaremos a eficacia lectora e a comprensión lectora, así como a valoración da literatura lendo o texto inicial, que neste caso é un cómic. Logo realizarán actividades para demostrar a comprensión do texto.</p> <p>Interiorizaremos a gramática aprendendo a estrutura da oración e a división en suxeito e predicado, mediante a relación de suxeitos con predicados, o cambio de número dos verbos das oracións para cambiar o suxeito e o predicado e a identificación de suxeitos e predicados en oracións dadas.</p> <p>Traballaremos a ortografía estudando as regras do uso da letra b mediante a formación de palabras con prefixos que levan b, a compleción de palabras con b ou v e a procura nunha sopa de letras de palabras con b.</p> <p>Practicaremos a escrita correcta aplicando todos os coñecementos adquiridos facendo varias bandas deseñadas.</p> <p>Insistiremos na importancia de ler tanto para un uso de gozo persoal como para afianzar aprendizaxes, animando o alumnado a ler o texto que se presenta na Lectura recomendada.</p> <p>Ademais traballaremos a competencia social e cívica falando do comportamento que debemos ter co mobiliario urbano.</p> <p>Unidade 12.</p> <p>Traballaremos a eficacia lectora e a comprensión lectora, así como a valoración da literatura lendo o texto inicial, que neste caso é un texto narrativo e logo unhas instrucións. Logo realizarán actividades para demostrar a comprensión do texto.</p> <p>Interiorizaremos a gramática aprendendo o predicado e o grupo verbal mediante a escritura de oracións con predicado verbal e nominal, a análise do predicado de oracións e a localización do verbo copulativo e o atributo en oracións.</p> <p>Traballaremos a ortografía estudando as regras de acentuación de verbos con pronomes mediante a colocación dos acentos correctos e a aplicación de parénteses correctamente.</p> <p>Practicaremos a escrita correcta aplicando todos os coñecementos adquiridos facendo varios anuncios publicitarios.</p> <p>Insistiremos na importancia de ler tanto para un uso de gozo persoal como para afianzar aprendizaxes, animando o</p>
--------------------	---

	<p>alumnado a ler o texto que se presenta na Lectura recomendada.</p> <p>Ademais traballaremos o coñecemento en particular dun escritor galego, como é Curros Enríquez.</p> <p>Unidade 13.</p> <p>Traballaremos a eficacia lectora e a comprensión lectora, así como a valoración da literatura lendo o texto inicial, que neste caso é unha narración con diálogo. Logo realizarán actividades para demostrar a comprensión do texto.</p> <p>Interiorizaremos a gramática aprendendo as oracións copulativas e predicativas mediante a identificación do tipo de predicado que se trata, clasificación das oracións segundo sexan predicativas ou copulativas e identificación dos complementos directos en oracións. Traballaremos a ortografía estudando os usos de grupos consonánticos bl, b, c, cr, fl, fr, gl, gr, pl e pr. Farano mediante a compleción de palabras e a procura no dicionario das diferenzas de significado.</p> <p>Practicaremos a escrita correcta aplicando todos os coñecementos adquiridos facendo varios textos narrativos con descrición e diálogo.</p> <p>Insistiremos na importancia de ler tanto para un uso de gozo persoal como para afianzar aprendizaxes, animando o alumnado a ler o texto que se presenta na Lectura recomendada.</p> <p>Unidade 14.</p> <p>Traballaremos a eficacia lectora e a comprensión lectora, así como a valoración da literatura lendo o texto inicial, que neste caso é unha narración. Logo realizarán actividades para demostrar a comprensión do texto.</p> <p>Interiorizaremos a gramática aprendendo os complementos do predicado verbal mediante a identificación e os seus complementos en oracións, a identificación de complementos directos e indirectos e escritura de oracións con cada un dos tipos de complementos verbais que hai.</p> <p>Traballaremos a ortografía estudando o uso dos grupos consonánticos cc e ct, mediante a compleción de palabras coas palabras axeitadas e a procura nunha sopa de letras de palabras.</p> <p>Estudaremos o léxico aprendendo a familia léxica mediante a</p>
--	--

	<p>identificación de lexemas, morfemas, familias léxicas, palabra primitiva, etc.</p> <p>Insistiremos na importancia de ler tanto para un uso de gozo persoal como para afianzar aprendizaxes, animando o alumnado a ler o texto que se presenta na Lectura recomendada.</p> <p>Unidade 15.</p> <p>Traballaremos a eficacia lectora e a comprensión lectora, así como a valoración da literatura lendo o texto inicial, que neste caso é unha narración. Logo realizarán actividades para demostrar a comprensión do texto.</p> <p>Traballaremos a expresión con actividades sobre a última película que viron ou contar o último libro que leron.</p> <p>Interiorizaremos a gramática aprendendo a análise morfolóxica e sintáctica mediante a clasificación de palabras pola súa categoría gramatical, analizar morfoloxicamente oracións ou sinalar suxeitos e predicados e clasificar oracións.</p> <p>Traballaremos a ortografía estudando a regra da letra v mediante a completión de palabras e a corrección de oracións.</p> <p>Estudaremos o léxico aprendendo o concepto de campos semánticos mediante a organización de palabras no que lles corresponda ou eliminar o incorrecto dunha listaxe.</p> <p>Practicaremos a escrita correcta aplicando todos os coñecementos adquiridos facendo varios resumos de películas ou libros.</p> <p>Insistiremos na importancia de ler tanto para un uso de gozo persoal como para afianzar aprendizaxes, animando o alumnado a ler o texto que se presenta na Lectura recomendada.</p> <p>Así mesmo, realizaranse actividades de reforzo e repaso dos temas vistos nas avaliación anteriores a través de lecturas e fichas de reforzo dos contidos xa traballados, sobre todo a aqueles aspectos referidos nos obxectivos citados con anterioridade (reforzo do recoñecemento das categorías gramaticais, das normas de ortografía e de puntuación xa vistas e na lectura comprensiva e a redacción de textos propios)</p>
<p><b>Metodoloxía</b></p>	<p>A totalidade do alumnado dispón de conectividade e traballan de forma interrelacionada todas as materia desde a plataforma Google Class. Aínda que o traballo se realiza de</p>



	<p>forma telemática, mantemos a distribución horaria do colexio, desenvolvendo catro sesións semanais, e aproveitamos as sesións de videoconferencia para a resolución das actividades, de dúbidas e as explicacións pertinentes. Todo o alumnado, na medida do posible, segue un ritmo de traballo diario, non equiparable ao realizado na aula, pero sí para favorecer a inclusión dunha rutina que lles permita evolucionar e acadar os obxectivos propostos.</p> <p>A comunicación diaria co alumnado e familias permite adaptar individualmente as tarefas e a temporalización no caso de que xurdan problemas de conectividade (que polo momento non xurdiron).</p> <p>Nesta terceira avaliación, repasaremos e reforzaremos os contidos máis relevantes xa dados nas avaliacións anteriores así como ampliar o temario, da forma máis sinxela e sen carácter avaliable, dado o curso académico no que nos atopamos e para facilitar o cambio de etapa educativa á que se van a enfrontar o próximo curso. Todas as actividades van acompañadas dunha explicación en forma de presentación narrada ou audiovisual, que será apoiada nas videoconferencias realizadas diariamente entre docente e alumnos e alumnas, na que o alumnado participa de forma activa.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libro empregado na aula, tanto en formato papel ou dixital.</li> <li>- Aula virtual na plataforma Google Class, na que se atopa a totalidade do alumnado así como todo o profesorado que imparte materias neste curso. Isto supón a interacción de docentes e discentes, de forma grupal e individual (presentación das tarefas, mensaxería grupal ou privada para a comunicación de novas ou resolución de dúbidas).</li> <li>- Actividades interactivas realizadas a través de diferentes plataformas (Liveworksheets, Educaplay...) que son enviadas ao docente automaticamente.</li> <li>- Videoconferencias diarias a través de Cisco Webex, que se empregan para a realización de actividades e resolución de dúbidas.</li> <li>- Os alumnos do plan Reforza-T contan co apoio da profesora que xa o impartía no segundo trimestre.</li> <li>- Os alumnos con apoio educativo seguen sendo reforzados polas especialistas de AL e PT, traballando a través da propia Google Class e tamén a través de Snappet.</li> </ul>

<b>4. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Durante a primeira e a segunda avaliación a nota media obtíñase da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 70% da nota virá dada pola media aritmética das probas escritas realizadas</li> <li>- 10% da nota virá dada polo traballo referido ao proxecto</li> <li>- 10% da nota virá dada polo traballo diario, intervencións na clase e outras tarefas habituais.</li> <li>- 10% pola presentación do caderno: claridade, corrección ortográfica e caligrafía.</li> </ul>
	<p>Instrumentos: Como instrumentos de avaliación empregaremos as probas realizadas no primeiro e segundo trimestre, así como o traballo e actitude na aula e o caderno de tarefas e as tarefas referidas ao proxecto escolar.</p> <p>Así mesmo, realizarase un seguimento das tarefas propostas durante esta terceira avaliación, que si ben non ten carácter avaliable, serán tidas en conta para mellorar a nota en caso de que o traballo do alumnado supere o 50% do total de tarefas propostas. Nunca servirán para baixar a nota media acadada nas anteriores avaliación</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Tendo en conta disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, <i>"A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado"</i>, a nota final obterase facendo a media aritmética da primeira e segunda avaliación e valorando positivamente as actividades realizadas no terceiro trimestre a través do seguimento individualizado de cada alumno e alumna.</p>
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	<p>A fin de progresar na avaliación positiva daqueles alumnos que teñen que superar obxectivos e competencias non acadados en cursos precedentes deseñamos un traballo individualizado. Neste curso temos unha alumna coa materia de Lingua Galega suspensa de quinto curso. No primeiro e segundo trimestre fíxose un reforzo individualizado e un seguimento do mesmo, polo que actualmente a valoración é positiva, tendo a materia de Lingua Galega de quinto superada.</p>

<b>5. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As vías de contacto son a propia plataforma Google Class (de forma bidireccional entre alumnado e profesorado), a través de Abalarmobil para informar ás familias, e tamén por email, teléfono e nas propias videoconferencias. Ademais tamén dispoñen de toda a información na páxina Web no centro.
<b>Publicidade</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/node/1430">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/node/1430</a>

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CPI FONTE DÍAZ  
CURSO: SEXTO PRIMARIA  
MATERIA: MATEMÁTICAS**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....</b>	<b>Páx. 3-9</b>
<b>2. Obxectivos no terceiro trimestre na área de Matemáticas.....</b>	<b>Páx. 10-12</b>
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).....</b>	<b>Páx. 13-16</b>
<b>3. Avaliación e cualificación.....</b>	<b>Páx. 17</b>
<b>4. Información e publicidade.....</b>	<b>Páx. 18</b>

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

**BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

<b>Cráterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.	MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Comunicación Lingüística. Aprender a aprender
B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
	MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas,	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Dixital Aprender a aprender.

	conxecturas e construír e defender argumentos.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
BLOQUE 2. NÚMEROS		
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Comunicación Lingüística. Aprender a aprender
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender Comunicación Lingüística
	MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).	MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes	MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.

sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Comunicación Lingüística
	MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender
B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender
B2.7. Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar	MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.



e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender
	MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Comunicación Lingüística Aprender a aprender
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender
	MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.

	MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender
B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Comunicación Lingüística Aprender a aprender Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
	MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Comunicación Lingüística Aprender a aprender

	no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
<b>BLOQUE 3. MEDIDA</b>		
B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Comunicación Lingüística Aprender a aprender
	MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender
B3.2. Operar con diferentes medidas	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.

	MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
	MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
	MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.	Matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía. Comunicación Lingüística Aprender a aprender.

## 2. Obxectivos no terceiro trimestre na área de Matemáticas

A causa da situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir, e segundo o disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, destacaremos os seguintes obxectivos de reforzo e recuperación dos contidos xa traballados durante o primeiro e segundo trimestre, así como os contidos que ampliamos de forma telemática neste terceiro trimestre.

- Dominar as operacións matemáticas básicas (sumas, restas, multiplicacións e divisións)
- Reforzar a resolución de operacións matemáticas e de problemas.
- Reforzar os conceptos xa traballados nas anteriores avaliacións (decimais, fraccións, múltiplos e divisores, potencias, proporción...)

A modo de ampliación veremos os temas deste terceiro trimestre, eliminando as actividades referidas a dinámicas na aula e tamén os contidos máis complexos suprimindo conceptos non vistos con anterioridade e de gran complexidade para traballar de forma telemática. Cabe destacar que o alumnado de sexto curso realiza actividades grupais nas videoconferencias que se realizan de forma diaria coa titora e na que participan a totalidade dos alumnos.

### Tema 10

- Coñecer os múltiplos e os submúltiplos de metro.
- Cambiar as unidades de lonxitude.
- Coñecer as unidades de masa.
- Cambiar unidades de masa.
- Coñecer os múltiplos e submúltiplos do metro cadrado.
- Cambiar unidades de superficie.

### Tema 11

- Coñecer os múltiplos e submúltiplos do litro.
- Cambiar unidades de capacidade.
- Calcular o volume en diferentes situacións.
- Coñecer os múltiplos e os submúltiplos do metro cúbico.

- Relacionar o volume e a capacidade.
- Cambiar unidades de capacidade e volume.

## Tema 12

- Cambiar unha medida de tempo de expresión incomplexa a complexa.
- Sumar medidas de tempo en forma complexa.
- Restar medidas de tempo en forma complexa.
- Interpretar un mapa de fusos horarios.
- Coñecer as unidades de medida de ángulos.
- Expresar medidas de ángulos en forma complexa e incomplexa.
- Sumar medidas de ángulos en forma complexa.
- Restar medidas de ángulos en forma complexa.
- Recoñecer ángulos complementarios.
- Identificar ángulos suplementarios.
- Resolver problemas seleccionando a información necesaria.

## Tema 13

- Calcular a área do rectángulo e do cadrado.
- Determinar a área do romboide e do triángulo.
- Calcular a área do rombo.
- Obter a área do trapecio.
- Calcular a área dun polígono regular.
- Recoñecer a posición relativa de rectas e circunferencias.
- Calcular a lonxitude da circunferencia.

- Determinar a área do círculo.

#### Tema 14

- Identificar e nomear os elementos do prisma, da pirámide, do cilindro, do cono e da esfera.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Tema 10</p> <p>Os múltiplos e os submúltiplos do metro introdúcense mediante un esquema que destaca as súas relacións mutuas, os seus nomes e as súas abreviaturas.</p> <p>Os cambios de unidades de lonxitude represéntanse nun diagrama que indica o tipo de operación que debe realizarse para a conversión de unidades.</p> <p>Os múltiplos e os submúltiplos do gramo introdúcense mediante un esquema que destaca as súas relacións mutuas, os seus nomes e as súas abreviaturas.</p> <p>Os cambios de unidades de masa represéntanse nun diagrama que indica o tipo de operación que debe realizarse para a conversión de unidades.</p> <p>Os múltiplos e os submúltiplos do metro cadrado introdúcense mediante un esquema que destaca as súas relacións mutuas, os seus nomes e as súas abreviaturas.</p> <p>Os cambios de unidades de superficie represéntanse se nun diagrama que indica o tipo de operación que debe realizarse para a conversión de unidades.</p> <p>Tema 11</p> <p>Os múltiplos e os submúltiplos do litro introdúcense mediante un esquema que destaca as súas relacións mutuas, os seus nomes e as súas abreviaturas.</p> <p>Os cambios de unidades de capacidade represéntanse nun diagrama que indica o tipo de operación que debe realizarse para a conversión de unidades.</p> <p>O concepto de volume introdúcese se utilizando corpos xeométricos de diferentes tamaños e relacionándoos coas unidades de volume máis utilizadas.</p> <p>Os múltiplos e os submúltiplos do metro cúbico introdúcense mediante un esquema que destaca as súas relacións mutuas, os seus nomes e as súas abreviaturas.</p> <p>A relación entre o volume e a capacidade preséntase con debuxos que amosan as relacións entre o metro cúbico, o decímetro cúbico e o milímetro cúbico e as unidades de</p>
--------------------	---



	<p>capacidade equivalentes.</p> <p>A equivalencia entre capacidade e volume tamén se traballa utilizando táboas nas que se encolumnan as unidades equivalentes.</p> <p>Tema 12</p> <p>A conversión de expresións incomplexas de medidas de tempo en expresións complexas introdúcese cun exemplo no que se indican e resolven as operacións que hai que realizar.</p> <p>As sumas e restas con medidas de tempo trabállanse coa súa representación vertical engadindo as conversións de unidades adicionais que sexan necesarias.</p> <p>Os fusos horarios da Terra preséntanse nun mapa a partir do cal se propoñen diferentes actividades que relacionan a hora en distintas partes do mundo.</p> <p>As unidades de medida de ángulos introdúcense a partir dun esquema, que indica as súas relacións mutuas, e da representación dun ángulo nun transportador.</p> <p>A conversión de expresións incomplexas de medidas de ángulos en expresións complexas introdúcese cun exemplo no que se indican e resolven as operacións que hai que realizar.</p> <p>As sumas e restas con medidas de ángulos trabállanse coa súa representación vertical engadindo as conversións de unidades adicionais que sexan necesarias.</p> <p>Os conceptos de ángulos complementarios e de ángulos suplementarios introdúcense a partir de ilustracións nas que poden observarse estes ángulos.</p> <p>Tema 13 Figuras planas e áreas</p> <p>As fórmulas das áreas do rectángulo e do cadrado dedúcense a partir das súas respectivas figuras xeométricas que se cuadrícularon adecuadamente.</p> <p>As fórmulas de cálculo das áreas do romboide e do triángulo dedúcense se a partir das do rectángulo modificando adecuadamente as súas representacións xeométricas.</p> <p>A fórmula da área do rombo preséntase a partir da división do rombo en triángulos iguais e rectángulos até incluír as súas diagonais.</p> <p>A fórmula da área do trapecio introdúcese a partir dunha</p>
--	--

	<p>composición xeométrica que permite aplicar o cálculo da área do romboide.</p> <p>A fórmula da área dun polígono regular dedúcese por descomposición do polígono en triángulos cuxa área podemos calcular.</p> <p>As posicións relativas de rectas e circunferencias preséntanse con diferentes debuxos que permiten recoñecer os posibles puntos de intersección destes elementos xeométricos.</p> <p>A fórmula da lonxitude da circunferencia utilízase en distintas situacións nas que se aplica a relación que hai entre o radio e o diámetro dunha circunferencia.</p> <p>A fórmula da área do círculo dedúcese descompoñendo o círculo en triángulos cos que se forma unha figura moi parecida a un romboide.</p> <p>Tema 14</p> <p>Os elementos dos distintos corpos (prima, pirámide, cilindro, cono e esfera) trabállanse sobre un debuxo dos distintos corpos xeométricos que nos permite enlazar os conceptos coa súa representación.</p> <p>Así mesmo, realizaranse actividades de reforzo e repaso dos temas vistos nas avaliación anteriores a través de fichas de reforzo dos contidos xa traballados, sobre todo a aqueles aspectos referidos nos obxectivos citados con anterioridade.</p>
<p><b>Metodoloxía</b></p>	<p>A totalidade do alumnado dispón de conectividade e traballan de forma interrelacionada todas as materia desde a plataforma Google Class. Aínda que o traballo se realiza de forma telemática, mantemos a distribución horaria do colexio, desenvolvendo seis sesións semanais, e aproveitamos as sesións de videoconferencia para a resolución das actividades, de dúbidas e as explicacións pertinentes.</p> <p>Todo o alumnado, na medida do posible, segue un ritmo de traballo diario, non equiparable ao realizado na aula, pero sí para favorecer a inclusión dunha rutina que lles permita evolucionar e acadar os obxectivos propostos.</p> <p>A comunicación diaria co alumnado e familias permite adaptar individualmente as tarefas e a temporalización no caso de que xurdan problemas de conectividade (que polo momento non xurdiron).</p>

	<p>Nesta terceira avaliación, repasaremos e reforzaremos os contidos máis relevantes xa dados nas avaliacións anteriores así como ampliar o temario, da forma máis sinxela e sen carácter avaliabile, dado o curso académico no que nos atopamos e para facilitar o cambio de etapa educativa á que se van a enfrontar o próximo curso. Todas as actividades van acompañadas dunha explicación en forma de presentación narrada ou audiovisual, que será apoiada nas videoconferencias realizadas diariamente entre docente e alumnos e alumnas, na que o alumnado participa de forma activa.</p>
<p><b>Materials e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libro empregado na aula, tanto en formato papel ou dixital.</li> <li>- Aula virtual na plataforma Google Class, na que se atopa a totalidade do alumnado así como todo o profesorado que imparte materias neste curso. Isto supón a interacción de docentes e discentes, de forma grupal e individual (presentación das tarefas, mensaxería grupal ou privada para a comunicación de novas ou resolución de dúbidas).</li> <li>- Actividades interactivas realizadas a través de diferentes plataformas (Liveworksheets, Educaplay...) que son enviadas ao docente automaticamente.</li> <li>- Videoconferencias diarias a través de Cisco Webex, que se empregan para a realización de actividades e resolución de dúbidas.</li> <li>- Os alumnos do plan Reforza-T contan co apoio da profesora que xa o impartía no segundo trimestre.</li> <li>- Os alumnos con apoio educativo seguen sendo reforzados polas especialistas de AL e PT, traballando a través da propia Google Class e tamén a través de Snappet.</li> </ul>

<b>4. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Durante a primeira e a segunda avaliación a nota media obtíñase da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 70% da nota virá dada pola media aritmética das probas escritas realizadas</li> <li>- 10% da nota virá dada polo traballo referido ao proxecto</li> <li>- 10% da nota virá dada polo traballo diario, intervencións na clase e outras tarefas habituais.</li> <li>- 10% pola presentación do caderno: claridade, corrección ortográfica e caligrafía.</li> </ul>
	<p>Instrumentos: Como instrumentos de avaliación empregaremos as probas realizadas no primeiro e segundo trimestre, así como o traballo e actitude na aula e o caderno de tarefas e as tarefas referidas ao proxecto escolar.</p> <p>Así mesmo, realizarase un seguimento das tarefas propostas durante esta terceira avaliación, que si ben non ten carácter avaliable, serán tidas en conta para mellorar a nota en caso de que o traballo do alumnado supere o 50% do total de tarefas propostas. Nunca servirán para baixar a nota media acadada nas anteriores avaliación</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Tendo en conta disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, <i>"A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado"</i>, a nota final obterase facendo a media aritmética da primeira e segunda avaliación e valorando positivamente as actividades realizadas no terceiro trimestre a través do seguimento individualizado de cada alumno e alumna.</p>
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	<p>A fin de progresar na avaliación positiva daqueles alumnos que teñen que superar obxectivos e competencias non acadados en cursos precedentes deseñamos un traballo individualizado. Neste curso temos unha alumna coa materia de Matemáticas suspensa de quinto curso. No primeiro e segundo trimestre fíxose un reforzo individualizado e un seguimento do mesmo, polo que actualmente a valoración é positiva, tendo a materia de Matemáticas de quinto superada.</p>

<b>5. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As vías de contacto son a propia plataforma Google Class (de forma bidireccional entre alumnado e profesorado), a través de Abalarmobil para informar ás familias, e tamén por email, teléfono e nas propias videoconferencias. Ademais tamén dispoñen de toda a información na páxina Web no centro.
<b>Publicidade</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/node/1430">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/node/1430</a>

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CPI FONTE DÍAZ  
CURSO: SEXTO PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS NATURAIS**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....</b>	<b>Páx. 3-7</b>
<b>2. Obxectivos no terceiro trimestre na área de Ciencias Naturais.....</b>	<b>Páx. 8</b>
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).....</b>	<b>Páx. 9</b>
<b>3. Avaliación e cualificación.....</b>	<b>Páx. 11</b>
<b>4. Información e publicidade.....</b>	<b>Páx. 12</b>

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	CCL CSIEE CAA CD CMCCT
	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	CCL CMCCT
	CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).	CCL CSIEE CMCT CD
	CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	CMCCT CAA CCL



B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.	CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.	CSIEE CAA CMCCT
B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA CSC CMCCT CSIEE
	CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	CMCCT CSC CD CAA
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	CMCCT CCL CAA CSIEE
	CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de	CCL CMCCT CSC CD CAA CSIEE

	proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	
<b>BLOQUE 2 - O SER HUMANO E A SAÚDE</b>		
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	CMCCT
B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.	CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCCT CCL
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.	CMCCT CCL CSC
	CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.	CMCCT CCL CAA CSC
	CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	CMCCT CAA CSC

	CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).	CMCCT CCL CSC
<b>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</b>		
B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	CCL CMCCT
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos: - Reino animal. - Reino das plantas. - Reino dos fungos. Outros reinos.	CMCCT
	CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.	CMCCT CAA
	CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.	CMCCT CCL
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses,	CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.	CMCT CCL

